

PROPOSTA DE ACTIVIDADES- 2ª PARTE.

Estimadas familias, as titoras de Educación Infantil ofrecémosvos outra serie de propostas de actividades para que as crianzas podan facer estes días que todos temos que quedar na casa.

Lembramos que son **propostas voluntarias**. A variedade de actividades que propoñemos non ten outro fin que **cada familia escolla** as que mellor se adaptan a eles, aos seus gustos e circunstancias.

A nosa intención é facilitarvos un pouco estes días na casa, e esperamos que o pasades do mellor xeito posible.

ACTIVIDADES

- **Area máxica:** pódese elaborar na casa con materiais cotiás, deixamos varias propostas:

<https://unamadrecomotu.com/arena-cinetica-casera/>

<http://lafabricadelospeques.com/arena-magica-casera/>

- **Caixa de letras:** Cortar folios en anacos, e en cada anaco, escribir unha letra. Introducir todas as letras nunha caixa (que previamente poden decorar os nenos e nenas). Despois, ir sacando as letras de unha e unha, pensar en palabras que comecen por esa letra, ou que a conteñan. Pode quedarse aí a actividade, ou poden escribirla palabra, facer un debuxo desa palabra, buscar obxectos da casa que a conteñen e facer unha lista...

- **Figuras xeométricas** da casa: buscar pola casa obxectos que sexan dunha determinada forma xeométrica, e despois, utilízalas para marcar esa forma, de diferentes tamaños nun folio o cartolina. Tamén poden mesturar diferentes formas. Despois que cada nena e neno decore como queira.

<http://rejuega.com/juego-aprendizaje/juego-educativo/aprender-de-la-realidad-las-formas-geometricas/>

- **Experimentos:** con axuda dun adulto. Son diferentes experimentos que poden realizar con vinagre e bicarbonato, produtos que podemos ter en casa ou encontrar no supermercado o día que toca ir á compra.

<https://www.pequeocio.com/5-experimentos-ninos-bicarbonato-vinagre/>

<https://tusmanualidades.net/juego-de-bicarbonato-de-sodio-y-vinagre/>

- **Xogos con obxectos cotiás:** pódense facer xogos de clasificación, por exemplo unir calcetíns. Xuntamos varios pares, de todos os membros da familia e o neno e nena ten que facer parellas. Podemos facer o mesmo con outros obxectos, como poñer na mesa diferentes obxectos que teñamos dous iguais (culler, prato, bote de olivas, lata de bonito...) e teñen que xuntar os que son iguais. Pódese facer con calquera obxecto que teñamos na casa.

Tamén, podemos facer unha variante deste xogo, poñendo obxectos que se complementan, por exemplo: prato e vaso, cepillo de dentes e pasta, folio e lapis... a

recompilación de obxectos debemos facela coa nena e neno, e explicarlle o dinámica do xogo. Unha vez que xoguemos e coñezan a dinámica, poden ser eles os que escollan os obxectos.

- **Elaborar un memory** e xogar. Precisades folios e cartolina o cartóns. Os nenos/as poden facer debuxos ou usar pegatinas, recortes...

<https://lamamafaelquepot.com/2015/06/diy-juego-memory.html>

<https://blog.cosasmolonas.com/juego-memoria-fotografias-reciclado/>

- **Elaborar un tres en raia** e xogar. Con calquera obxecto que teñamos en casa, tapóns, botóns... tamén se pode elaborar as figuras con pasta de sal (receita na primeira proposta), deixalas secar, decoralas e despois usalas para o xogo.

<https://blog.cosasmolonas.com/tres-en-rama-reciclado/>

- **Pintura sorpresa** con ceras brandas.

<https://blog.cosasmolonas.com/manualidades-para-ninos-cuadro-sorpresa-con-ceras/>

- Debuxar, escribir, garabatear con **espuma de afeitar**. Outra actividade con material que temos en casa ou que podemos adquirir o día que toque ir á compra.

<https://www.maestrosdeaudicionylenguaje.com/lectoescritura-con-espuma-de-afeitar/>

<https://i.pinimg.com/originals/ff/c2/34/ffc2340e4a4dcad73a457dd36825b540.jpg>

<http://www.pequefelicidad.com/2016/02/ideas-sensoriales-que-preparan-para-la.html>

- **Tear de cartón:** para esta actividade as nenas e nenos precisarán axudan de un maior, tal vez con práctica podan facelo eles sos. Especialmente indicada para as crianzas maiores.

<https://blog.cosasmolonas.com/telar-carton-reciclado/>

<http://lafabricadelospeques.com/telar-circular-infantil/>

<http://lacomodaencantada.blogspot.com/2014/07/telar-casero-para-ninos.html>

- **Lavar animais, bonecas e outros xoguetes.** Para aqueles que non lles importa que os nenos e o lugar onde os deixemos acabe un pouco mollado.

Poñemos un barreño con auga e xabón, ou dous barreños, un con auga e outro con auga e xabón. Deixamos que utilicen cepillos, esponxas, estropallos... Deixamos un par de exemplos:

<https://learninginperu.wordpress.com/2013/03/26/limpiando-mis-juguetes/>

<https://www.coffeecupsandcrayons.com/washing-farm-animal-sensory-bin/>

Para moverse un pouco:

- **Baile con pano na cabeza:** poñervos un pano de papel na cabeza e a bailar! Pódese probar con outros obxectos e comprobar si é máis sinxelo ou máis complicado.

Exemplo:

<https://www.trueaimeducation.com/the-tissue-dance/>

- **Percorridos con obstáculos pola casa.** Deixade voar a imaxinación. As nenas e nenos poden axudar a elaborar o percorrido.

Exemplos:

<http://aprenderjuego.blogspot.com/2014/02/carreras-de-obstaculos-para-ninos-en-el.html?m=1>

<http://www.kidsindoors.com.br/2011/11/cama-de-gato.html>

- **Xogo de bolos caseiros:** pódense facer con botellas ou, se non temos bricks. As crianzas poden decoralos con pintura, rotuladores, pegatinas... e despois, a xogar.

<https://bkids.typepad.com/intro/2015/05/diy-skittles.html>

<http://misspeguitos.blogspot.com/2013/12/juguetes-caseros.html>

- **Encesta:** colocar cestas ou caixas a diferentes distancias e encestar pelota pequenas que teñades por casa, ou pelotas de papel.

<https://www.pinterest.es/pin/229472543500282992/>

<https://www.pinterest.es/pin/508273507949201097/>

- **Túneles e pelotas:** crear túneles con papel e celo. Despois, tratar de pasar as pelotas por debaixo, ben coa man, ou cun pao.

Exemplos:

<https://alumnoon.com/preescolar/actividades2.php?i=24901>

<https://www.pinterest.es/pin/798755683891091996/>

Para as familias que lles guste a bricolaxe.

- **Mesa de luz caseira.** Para aqueles adultos que buscan proxectos para estar entretidos estes días. Con obxectos que podemos ter na casa podemos montar unha mesa de luz para as crianzas. Estarán moi entretidos con este recurso.

<http://lafabricadelospeques.com/caja-luz-casera/>